

REPSOL PARTICIPA NA I FEIRA DA ENERXÍA DE GALICIA

- **Contará cunha caseta que ofrecerá contido sobre a actividade da Refinería e achegará aos visitantes as últimas novidades dos negocios de Vendas Directas e GLP (gas licuado de petróleo).**
- **A compañía tamén participará nas xornadas que organizará o Inega (Instituto Enerxético de Galicia) sobre eficiencia enerxética e mobilidade sustentable.**
- **Ademais, a Refinería organizará unha aula divulgativa que contará cos Talleres Científicos da Fundación Repsol dirixidos a alumnos de centros educativos da comarca de Deza.**

Repsol participa na I Feira da Enerxía de Galicia, que se celebrará desde o xoves 14 de abril ata o sábado 16 de abril no recinto feiral de Silleda. A compañía estará presente nesta primeira edición coas novidades e servizos que ofrecen as súas diferentes liñas de negocio.

Repsol contará cunha caseta de máis de 70m², que ofrecerá contido sobre a actividade do Complexo Industrial en materia de seguridade, respecto ao medio ambiente e aposta pola investigación e a innovación (I+D+i); así como, o seu compromiso coa sostenibilidade e o seu papel como motor económico e social para a comunidade galega. A caseta tamén presentará as últimas novidades de Vendas Directas e GLP, que achegarán aos visitantes os seus produtos da gama Repsol AgroDiesel10 e+, recomendado para grandes expertos na terra; Repsol Mar e+, unha ampla gama de carburantes da máxima calidade e eficiencia e para todo tipo de embarcacións; e o novo BiEnergy10 e+, o gasóleo calefacción que dá ata un 30% de aforro enerxético en caldeiras de condensación.

A compañía tamén participará nas xornadas que organizará o Inega (Instituto Enerxético de Galicia) os días 14 e 15 de abril. O xoves a partir das 10:30 os relatorios centraranse na eficiencia enerxética. Nelas, a xefa de asistencia técnica de Galicia e Asturias de Vendas Directas de Repsol, Patricia Díaz García, e o xerente de solucións enerxéticas de Gas Repsol, Ignacio Leiva, falarán sobre as solucións enerxéticas eficientes ofertadas pola compañía. Ao día seguinte, de 11:00 a 13:30 horas, as xornadas continuarán cun debate sobre a mobilidade sustentable, onde o xerente de AutoGas Repsol, David Fernández de Heredia, presentará os vehículos de AutoGas.

Máis de 250 escolares nos talleres de Fundación Repsol

A Refinería da Coruña organizará durante a feira unha aula divulgativa onde acudirán os Talleres Científicos de Fundación Repsol e aos que xa se apuntaron 265 escolares de distintos centros educativos da comarca de Deza.

Esta iniciativa achegará aos alumnos o papel que xoga a enerxía no día a día, a través dunha actividade dinámica e participativa que lles ensinará diferentes conceptos científicos. O obxectivo principal destes talleres é fomentar o gusto pola ciencia, fomentando a importancia do traballo en equipo e despertando a curiosidade, creatividade e capacidade de innovación dos alumnos.

Os escolares realizarán o taller titulado Con enerxías! da xeración á eficiencia enerxética, que se inicia cunha demostración práctica de como se transforma a enerxía. Os alumnos terán a ocasión de ensamblar diferentes circuítos usando a enerxía solar como fonte e comprobando por eles mesmos como a enerxía transfórmase en diferentes tipos. Ademais, en grupo traballarán co termómetro da eficiencia para descubrir que electrodoméstico consome máis ou menos e aprenderán e reforzarán os conceptos de eficiencia e eficiencia enerxética. Por último, coñecerán o funcionamento do coche de hidróxeno co fin de mostrar outra fonte de enerxía diferente ás que son máis habituais.